



## Concello de Ribeira de Piquín

---

### **BANDO**

### **AXUDAS PARA O APOIO AO EMPRENDIMENTO**

O mércores día 5 de xullo de 2023 saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para apoiar iniciativas de emprendemento,

#### **ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DA AXUDA**

Serán subvencionables as inversións realizadas en:

- Equipamento informático.
- Activos intangibles: activos que non teñen unha materialización física ou financeira: adquisición da propiedade ou do dereito ao uso de programas informáticos, incluída a subscripción a software estándar do mercado durante o período subvencionable. Tamén inclúe os gastos de creación e desenvolvemento de programas informáticos á medida e páxinas web, sempre que a súa utilización estea prevista durante varios exercicios, e patentes, licenzas e coñecementos técnicos ou outros dereitos de propiedade intelectual.
- Inversións en eficiencia enerxética.
- Adquisición de bens de equipamento e mobiliario.
- Reforma e rehabilitación das instalacións do local de negocio.

As contías da axuda serán en función do rango de inversión total realizada:

- Inversións de 5.000 € ou máis ata un límite de 10.000 €, a contía da axuda será do 60% da inversión.
- Inversións de 10.001 € ou máis ata un límite de 30.000 €, a contía da axuda será do 50% da inversión.
- Inversións de 30.001 € ou máis ata un límite de 50.000 €, a contía da axuda será do 40% da inversión.
- Inversións de 50.001 € ou máis ata un límite de 100.000 €, a contía da axuda será do 30% da inversión.

#### **PRAZO DE SOLICITUDES:**

As axudas previstas nesta convocatoria poderanse solicitar desde o día seguinte da publicación no DOG ata o 29 de setembro de 2023, outorgándose por orde de entrada.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 5 de xullo de 2023.

O Alcalde.  
Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE